



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 12/01/2013.**

**Concelleiros presentes:**

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D. Fernando Márquez Hermida.

**Concelleira ausente:**

D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

**Secretario:**

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día doce de xaneiro de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de novembro do pasado ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habendo solicitudes de rectificación, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. ACORDOS PARA RECTIFICACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.**

Dase conta da proposta do grupo de goberno, favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente, para corrixir o acordo



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

adoptado en xuño de 2011, coa finalidade de modificar o réxime de sesións ordinarias do Concello entón acordado, proposta que literalmente di:

“No pleno extraordinario da Corporación Municipal celebrado o día 18 de xuño de 2011, entre outros asuntos, aprobouse por unanimidade un acordo relativo á periodicidade das sesións do Pleno do Concello. O acordo di literalmente que “. . . o Pleno do Concello celebre seis sesións ordinarias ó ano, os primeiros sábados de cada mes impar, ás once e media da mañá, . . .”.

O Grupo de Goberno propón ao Pleno unha pequena modificación para que a sesión ordinaria do mes de xaneiro se celebre o segundo sábado. Asimesmo aproveitase a ocasión para que quede fixada a data no suposto de a data establecida coincida en festivo. Con estes cambios o acordo quedaría coa seguinte redacción: “. . . o Pleno do Concello celebre seis sesións ordinarias ó ano, o primeiro sábado hábil de cada mes impar, ás once e media da mañá, agás no mes de xaneiro que será o segundo sábado . . .”.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta de que se trata.

### TERCEIRO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta de varios acordos e resolucións que precisan ratificación por afectar a competencias do Pleno, e favorablemente dictaminados pola Comisión Informativa competente do Concello:

3º-1.- Resolución da Alcaldía, de data do 29/11/12, na que se resolven cuestións relacionadas coa obra do edificio anexo ó Pazo da Marquesa, que literalmente di:

“En relación co expediente aberto para a concesión pola Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa a este Concello, por importe de 200.000 euros con destino á realización de obras de restauración do edificio anexo ó Pazo da Marquesa, e vista a solicitude de ampliación da documentación incorporada ó mesmo remitida pola Deputación datada o 22/11/12, considérase necesario adoptar algunhas decisións urxentes que permitan rematar a tramitación dese expediente coa brevidade posible, polo que mediante o presente

### RESOLVO

PRIMERO. Aprobar as pequenas modificacións realizadas polo seu autor no “Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa”, aprobado polo Pleno deste Concello con data do 03/11/12, a solicitude da Presidencia da Deputación, e corrixir o erro material detectado no resumo do presuposto do proxecto, cuxo importe verdadeiro é de 345.728,00 euros.



SEGUNDO. Formular solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña, por importe de 200.000 euros, para a financiación parcial da obra contemplada no "Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio anexo ó Pazo da Marquesa".

TERCEIRO. Declarar expresamente que este Concello non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda nin subvención para a financiación da obra de que se trata.

CUARTO. Formular compromiso formal de consignar no Presuposto deste Concello para 2013 as cantidades necesarias para financiar a totalidade do presuposto da obra de que se trata.

QUINTO. Ordear que do contido da presente Resolución de dea conta á Xunta de Goberno Local e ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebren, xa que a contratación da referida obra é de competencia plenaria."

3º-2.- Acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión do 21/12/12, resolvendo solicitude de prórroga do prazo de execución da obra de rehabilitación do Pazo da Marquesa, e que literalmente di:

"QUINTO. ACORDOS SOBRE PRÓRROGA DE CONTRATO DE OBRA.

Dase conta de solicitude presentada con data do 20/12/12 pola empresa Copcisa, adxudicataria da realización da obra de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", cuxo prazo contractual de execución remataba ese mesmo día 20 de decembro, tras a segunda prórroga autorizada mediante acordo desta Xunta do 02/11/12, de concesión dunha terceira prórroga dese prazo de execución como consecuencia de retrasos que consideran non imputables á empresa producidos polas condicións climatolóxicas das últimas semanas, prórroga que remataría o día 20 de febreiro do vindeiro ano 2013. A solicitude conta coa conformidade do director da obra e do director de execución, posto que ámbolos dous asinan o referido escrito de solicitude de prórroga.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder á empresa Copcisa unha nova prórroga do prazo de execución da obra de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", que remataba, finalizada a segunda prórroga concedida, o día 20/12/12, e que se extenderá ata o día 20/02/13.

2º.- Ordear a notificación do contido do presente acordo á empresa solicitante e á dirección da obra, e que se someta á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, por ser éste o órgano de contratación da obra de que se trata."



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

3º-3.- Acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 02/01/13, polo que se adoptan acordos para reparcelación dun ben inmovible municipal e se formula proposta de reversión, que literalmente di:

**“SÉTIMO. ACORDOS PARA PARCELACIÓN DUN BEN INMOBLE MUNICIPAL.**

Dase conta do expediente iniciado para acadar a reversión de parte dun ben inmovible, unha parcela de terreo de titularidade municipal de 5.150 metros cadrados, ubicada no lugar de Casal, da parroquia de San Sadurniño, cedida ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar mediante convenio asinado o 09/06/08, para a construción dun centro de día. Obra no expediente comunicación recibida dese Consorcio, indicando a súa disposición favorable á reversión e solicitando a remisión dunha proposta detallada e a aprobación do correspondente proxecto de segregación da parte da finca orixinalmente cedida da que se solicita a reversión.

Dase conta tamén do proxecto redactado pola arquitecta municipal para a segregación ou parcelación da finca de que se trata, na que se acredita a súa viabilidade e se indican as dimensións de cada unha das parcelas resultantes, a que alberga o centro de día, que ten unha superficie de 2.162,37 metros cadrados, e a que se crearía mediante a segregación para ser obxecto de reversión, cuxa cabida é de 2.987,63 metros cadrados. O informe incorpora un plano no que se recolle gráficamente a proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Xunta, previa breve deliberación e por unanimidade, acorda:

1º.- Formular proposta de reversión en favor deste Concello de parte da finca cedida ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar mediante convenio asinado o 09/06/08, para a construción dun centro de día. A parte da finca cedida cuxa reversión se solicita é a indicada no proxecto de segregación ou parcelación redactado pola arquitecta municipal con data do 28/12/12 e incorporado ó expediente, e a súa superficie é de 2.987,63 metros cadrados.

2º.- Aprobar o referido proxecto de segregación ou parcelación redactado pola arquitecta municipal e no que se recolle a definición gráfica e a superficie de cada unha das parcelas que deben resultar.

3º.- Remitir certificación do presente acordo, coa brevidade posible, ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e dar conta do seu contido ó Pleno do Concelo, na primeira sesión que se celebre, ós efectos legalmente procedentes.”

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda ratificar os tres acordos de que se trata.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

#### CUARTO. ACORDOS PARA A APROBACIÓN DO P.O.S. 2013 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Alcalde explica brevemente as características de cada unha das catro obras que integran a proposta do grupo de goberno, indicando que o resto do importe da participación do Concello de San Sadurniño no POS 2013, algo máis de 76.000 euros, destinarase a gasto corrente.

O concelleiro Sr. López Loureiro amósase conforme coa proposta de obras. O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que coincide na importancia das obras cuxa inclusión no POS propón o grupo de goberno, pero que é contrario a que se destinen cantidades importantes destes plans a gasto corrente cando hai outras cousas que facer, por exemplo, pistas que se atopan en moi mal estado, algunhas dende hai moito tempo, como a da área recreativa de Naraío. Tamén menciona un informe económico da Deputación sobre concellos, chamando a atención sobre o incremento do gasto corrente do que advirte ese documento.

O Sr. Alcalde resposta que as obras propostas son necesarias, e que pode haber outras pistas que precisen actuacións, pero dubida que estean moito peores que as que se propoñen. En canto á pista da área recreativa de Naraío, di que se trata dunha pista forestal pola que se están a sacar moitas toneladas de madeira, e que conta co compromiso de que cando se remate a saca, a pista deixárase no seu estado orixinal; por outra banda esa área recreativa foi cedida temporalmente e hai que mirar se o prazo desa cesión segue en vigor. Di tamén que o control das condicións de realización desas sacas deben facelo Augas de Galicia e Medio Rural, xa que non é o Concello quen autoriza as cortas nin ten persoal de inspección como ten a Xunta, que non actúa como debe, sobre todo tendo en conta que se trata dunha zona incluída en Rede Natura. Xa se mantiveron varias xuntanzas de alcaldes de concellos de carácter forestal da zona, pero se trata dun problema global e difícil de resolver, precisándose un importante traballo técnico e un alto grao de consenso entre forzas políticas. E non se debe condicionar a adopción de acordos sobre o POS 2013 a cen metros dunha pista que, ademais, non se pode arranxar agora porque aínda están a sacar madeira.

O Sr. Márquez insiste en que se trata dunha inversión que se está desfazendo, que o seu estado é moi malo dende hai máis dun ano e que algo se poderá facer para reducir o seu deterioro sen agardar a que remate a saca de



madeira, que non se sabe cando será, e insiste tamén na súa petición de que se adiquen máis cartos a investimento e menos a gasto corrente.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2013, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2013, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Importe total
Implantación de sistema de xestión da rede municipal de abastecemento de auga	30.819,37	0	30.819,37
Pavimentación de camiños en O Cal (Lamas), Os Pontigos (Ferreira) e Bidueda (San Sadurniño)	32.069,55	0	32.069,55
Pavimentación do camiño de Agra de Abaixo – Vilafiuñce e outros	32.263,36	0	32.263,36
Paseo O Campo – O Piñeiro – A Longra na parroquia de Naraío (San Sadurniño)	34.109,85	0	34.109,85
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>129.262,13</b>	<b>0</b>	<b>129.262,13</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	76.112,01
--	-----------

C) Resumo

	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>129.262,13</b>	<b>0,00</b>	<b>129.262,13</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>76.112,01</b>	<b>0,00</b>	<b>76.112,01</b>
<b>TOTAL</b>	<b>205.374,1</b>	<b>0,00</b>	<b>205.374,1</b>



	4		4
--	---	--	---

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no POS 2013.

3º.- Declarar que o Concello é titular e ten dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2013 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2013.

5º.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle sustitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

#### QUINTO. APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA FISCAL Nº 21, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE FINCAS.

Dase conta do contido da proposta de Ordenanza de que se trata, favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente e cuxo contido literal é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL Nº 21, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE FINCAS NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

#### LIMIAR

O Concello de San Sadurniño ten como obxectivo fundamental avanzar decididamente cara a un desenvolvemento sustentable, que promova a creación de riqueza e emprego, a redución das desigualdades, a mellora dos



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

servizos e a conservación dos recursos e ecosistemas naturais, segundo se recolle no seu Plan de acción da Axenda 21 Local.

O territorio municipal é extenso e diverso, e os seus habitantes distribúense de forma moi dispersa, en máis de 225 entidades de poboación. Igualmente son varios centos os quilómetros da rede municipal de camiños e estradas, e pasa de 30.000 o número de parcelas existentes e de 6.000 o das persoas propietarias.

Partindo de que a xestión dun territorio destas características é moi complexa, o Concello debe facer fronte ás súas obrigas e competencias, e ten que tomar as medidas precisas para tirar todo o proveito posible desa diversidade territorial, co obxectivo de avanzar cara a un verdadeiro desenvolvemento sustentable.

Neste senso, e con base nas competencias que posúen os municipios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, a protección civil, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, faise preciso regular os aspectos relativos á limpeza e o mantemento das parcelas existentes no municipio.

Desta maneira o Concello elabora a presente ordenanza co obxectivo de aplicar nomeadamente os artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Consonte esta lei, as persoas propietarias de toda clase de terreos teñen a obriga de mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, así como de conservar e manter o solo natural nas condicións precisas que eviten erosións e incendios, e impedir a contaminación da terra, o aire e a auga.

Asemade o artigo 7.d) da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, obriga a realizar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios forestais.

Por outra banda esta ordenanza tamén regula os prezos públicos da solicitude, por parte de persoas alleas á entidade local, do uso puntual da maquinaria municipal e os servizos do persoal do Concello.

Polo tanto a presente ordenanza recolle estas obrigas e regula a súa aplicación no caso do uso de medios e recursos municipais. Desta maneira, o Concello pretende acadar:

O cumprimento da normativa existente en materia de mantemento de parcelas, predios e edificacións e regular a execución subsidiaria por parte do Concello

A prevención dos incendios e a boa xestión dos terreos forestais





**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

A prevención doutras incidencias que poidan xerar impactos negativos sobre a paisaxe, o medio ambiente e a calidade de vida dos veciños e veciñas

A mellora da imaxe xeral do Concello, facéndoo máis ordenado e atraente

A concienciación das persoas propietarias ou usuarias de parcelas e edificacións sobre as súas responsabilidades

A equidade e a boa xestión dos recursos municipais, ó tratar a todas as persoas co mesmo criterio e repercutir os gastos que se orixinen nas persoas responsables

A eliminación de vertedoiros incontrolados

A posibilidade de empregar os medios municipais para realizar pequenas obras en propiedades particulares nos casos recollidos nesta ordenanza

#### Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo /2004 de 5 de marzo), o Concello de San Sadurniño establece o prezo público pola prestación do servizo de limpeza de terreos e predios, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

#### Artigo 2º. OBRIGAS SOBRE AS PARCELAS E PREDIOS

1.- É responsabilidade das persoas propietarias manter nas debidas condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público os seus terreos e predios, así como as beirarrúas, patios interiores ou zonas verdes privadas. Igualmente deberán evitar que as augas de escorrentía e as pólas das árbores ou sebes afecten ao espazo público. Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.

Para estes efectos, as persoas propietarias deberán proceder aos traballos de mantemento e limpeza das súas propiedades cando por motivos de ornato público ou seguridade sexan necesarios ou así o ordene a Autoridade municipal, previo informe dos servizos municipais competentes.

2.- Pola súa parte as persoas propietarias das masas forestais e dos terreos lindeiros con estas ficarán obrigados a adoptar as medidas de prevención de incendios forestais establecidas na normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación nesta materia.

3.- O Concello exercerá o control sobre estas obrigas e poderá esixir aos seus titulares a adopción das medidas necesarias. Así mesmo, poderá, previo trámite de audiencia ás persoas interesadas, requiririlles que, no prazo que se sinale, realicen as obras ou actuacións necesarias advertíndolles que, en caso de



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

incumprimento da orde de execución, se procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se é o caso, da apertura do correspondente expediente sancionador.

#### Artigo 3º FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible do prezo público, a prestación de servizo de limpeza, con medios mecánicos e/ou manuais municipais ou contratados polo Concello, de parcelas, predios ou edificacións, ben sexa a solicitude de persoas particulares interesadas, ou de oficio, por razóns de seguridade, ornato ou contaminación, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo. As tarefas de limpeza poden ser a eliminación de silvas, herbas ou árbores, así como a recollida de entullos e outros residuos vertidos de forma irregular.

2.- Tamén se recolle dentro do prezo público o uso da maquinaria e o traballo do persoal municipal no caso de solicitudes particulares para a realización de pequenas obras en propiedades privadas, previa resolución motivada da Alcaldía ou da Xunta de Goberno e sempre que o permitan as necesidades do servizo.

3.- Non estarán suxeitos a este prezo público os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do municipio ou en casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

#### Artigo 4º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarias, usuarias ou ocupantes das fincas que foran obxecto da prestación do servizo, que así o soliciten.

Tamén serán suxeito pasivo aquelas persoas, titulares, usuarias ou ocupantes por calquera concepto que fagan caso omiso aos requirimentos e ordes de execución efectuadas polo Concello nos supostos establecidos nas ordenanzas municipais ou na normativa xeral de aplicación, previa tramitación do necesario expediente nos términos indicados na lexislación aplicable.

#### Artigo 5º. RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 6º. EXENCIONES SUBXECTIVAS



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Non se concederá exención no pagamento do prezo público.

#### Artigo 7º. COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Epígrafe primeira. Persoal:

- a) Por cada operario/a de servizos, por hora ou fracción: 14,50 €
- b) Por cada operario/a de maquinaria, por hora ou fracción: 18,00 €
- c) Por cada técnico/a, por hora ou fracción: 23,00 €

Epígrafe segunda. Material:

- a) Por cada pa retroescavadora, por hora ou fracción: 25,00 €
- b) Por cada tractor con rozadora traseira, cisterna ou similar, por hora ou fracción: 20,00 €
- c) Por cada tractor con rozadora de brazo ou similar, por hora ou fracción: 25,00 €
- e) Por cada camión, por hora ou fracción: 20,00 €

Epígrafe terceira. Xestión de residuos:

a) Os custos de xestión dos residuos que se recollan como consecuencia dos servizos regulados por esta ordenanza, e que teña que asumir o Concello, serán repercutidos no suxeito pasivo.

Nota común ás epígrafes primeira e segunda: o tempo investido na prestación do servizo computarase dende a saída ata o regreso á nave de servizos municipais.

A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás das epígrafes da tarifa.

#### Artigo 8º. DEVENGO

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír no momento en que os medios e o persoal saian da nave de servizos municipais, intre no que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo.

#### Artigo 9º. LIQUIDACIÓN E INGRESO

Toda persoa usuaria do servizo a que se refire esta ordenanza deberá solicitalo mediante modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais, correspondendo a súa resolución á Alcaldía.

Nos supostos de execución subsidiaria, será a Alcaldía quen emita unha resolución sinalando o alcance do servizo.

Unha vez efectuado o servizo, e de acordo cos datos que certifique o servizo municipal de obras, os servizos tributarios deste Concello emitirán a correspondente liquidación que será notificada para o ingreso directo na forma e nos prazos sinalados pola tesouraría municipal.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

#### Artigo 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas lle correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 11º. DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

A Ordenanza de que se trata comprende dous anexos: o I é un modelo de liquidación do prezo público, e o II é un modelo de solicitude segundo o artigo 8º.

O Sr. Soto di que do que se trata é do cumprimento dun mandato legal, tanto en materia de disciplina urbanística como en materia de protección contra incendios, e de dar unha resposta ás denuncias que se veñen rexistrando dende 2007 en relación coa aplicación desta normativa, para intentar paliar alomenos en parte estas deficiencias.

O Sr. López Loureiro di que a proposta lle parece ben, e que espera que se aplique por igual a todo o mundo; o Sr. Márquez tamén amosa a súa conformidade, porque entende que era unha norma necesaria e que pode facilitar o cumprimento da normativa, en beneficio de todos.

O Sr. Alcalde di que o que se regula é un prezo público que desenvolve unha lei, que era o que había ata agora, e que permitirá cobrar polas actuacións, sobre todo subsidiarias, que realice o Concello, porque do contrario, cobrar os traballos que se realicen pode resultar moi complicado, como aconteceu con dúas actuacións recentemente realizadas en Cornide, e por suposto que se cumprirá, porque para iso están os servizos técnicos municipais e a intervención. O Sr. Márquez resposta que ás veces as leis e as ordenanzas non se cumpren, e que esta mesma normativa que se desenvolve coa ordenanza proposta, non se cumpría moito.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á Ordenanza Fiscal nº 21, pola que se establece o prezo público pola prestación do servizo de limpeza de terreos, e a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

#### SEXTO. APROBACIÓN DE ORDENANZA FISCAL Nº 22, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Dase conta da proposta de ordenanza de que se trata, idéntica á formulada pola Deputación Provincial, que xestiona por delegación deste Concello a aplicación da taxa de que se trata ás empresas explotadoras de servizos



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

de subministros de interese xeral, coa finalidade de mellorar e facilitar esa xestión. A Comisión Informativa competente do Concello á que se someteu o asunto, acordou a súa retirada da Orde do Día para solicitar a incorporación dun informe xurídico. Ese informe xa obra no expediente, pero segundo explica o Sr. Soto, o grupo de goberno considera necesario emitir outro complementario para clarear algunhas dúbidas, porque se trata dunha ordenanza de gran importancia. O Sr. Alcalde indica que co informe existente, non se ten seguridade sobre as modificacións que hai que introducir na Ordenanza Fiscal nº 10, que ata agora regulaba o tributo de que se trata, polo que o asunto queda retirado da Orde do Día da presente sesión para a incorporación dun novo informe ó respecto.

#### SÉTIMO. ACORDOS SOBRE INDISPONIBILIDADE DE CRÉDITOS DO EXERCICIO 2012.

Dase conta polo Sr. Soto do contido do Real Decreto-Lei 20/2012, polo que, entre outras cousas, se suprimía a paga extra de Nadal dos empregados públicos, e de que mediante unha nota informativa de escasa validez xurídica, e segundo o indicado nun informe proposta da Intervención municipal, resultaba necesario adoptar un acordo de indisponibilidade dos créditos previstos no presuposto de 2012 para atender o pago desa paga extra.

O Sr. López Loureiro manifesta a intención do seu grupo de absterse na votación deste asunto.

O Sr. Márquez pregunta pola execución do acordo adoptado en setembro, tras unha moción presentada polo BNG, de compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, respostándosele polo Sr. Alcalde que se está a estudar o asunto.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos contrarios, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda non adoptar acordo algún de indisponibilidade de créditos do presuposto de 2012.

#### OITAVO. APROBACIÓN DA REGRA DE GASTO DO CONCELLO PARA 2013.

Dase conta de que, sometido o asunto a debate na Comisión Informativa competente, non se aprobou dictame algún, a pesar da advertencia de ilegalidade formulada polo Secretario. O Sr. Soto di que o establecemento pola Lei Orgánica 2/2012 dun límite de gasto é outra actuación intervencionista do Estado perxudicial para comunidades autónomas, concellos e cidadáns, resumindo a forma de calcular ese límite ou teito e concluíndo que vista a referida Lei e os informes de Intervención nos que se cuantifica ese límite para 2013, se o Estado quere pechar o Concello de San Sadurniño, que veña Rajoi e o



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

peche, porque o BNG non o vai facer, polo que van votar en contra, asumindo o que teñan que asumir en consecuencia.

O Sr. López Loureiro apela ó indicado na Lei e nos informes de Secretaría-Intervención existentes no expediente, manifestando que nestos tempos todos temos que asumir un esforzo de austeridade.

O Sr. Márquez di que é certo que a Lei 2/2012 contén medidas drásticas e antisociais coas que el tamén está en desacordo, pero que a lei hai que cumprila.

O Sr. Soto di que sen embargo, el non se tira a un pozo aínda que o diga a lei, e que hai que facer caso a Sócrates cando chamaba á rebeldía, e mollarse en contra dunha lei inxusta.

O Sr. Alcalde interven para dicir que a normativa sobre o teito de gasto, aparte de ser intervencionista, está pensada para administracións con débeda, e para manifestar a súa sorpresa diante do comentario do Sr. López Loureiro, que parece que vota en función do que informe o Secretario.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos contrarios, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda non aprobar a regra de gasto do Concello para 2013, en contra do indicado nos informes de Intervención oportunamente emitidos ó respecto.

#### NOVENO. APROBACIÓN INICIAL DO PRESUPOSTO PARA 2013.

Dase conta do proxecto de presuposto presentado polo grupo de goberno e favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello, a pesar do informe desfavorable emitido polo Secretario-Interventor fundamentado principalmente no incumprimento da regra de gasto establecida na Lei Orgánica 2/2012.

O Sr. Soto explica os principais importes das distintas partidas do proxecto, indicando que o Concello presta servizos que non son da súa competencia, mantén unha importante plantilla de traballadoras no servizo de axuda no fogar e realiza destacadas actuacións en ámbitos como a rehabilitación de patrimonio histórico ou o aforro enerxético, ademáis das suas políticas sociais. Resume de seguido outros aspectos da Memoria da Alcaldía que forma parte do proxecto de presuposto, manifestando que o gasto corrente non sube tanto, e que o fai como consecuencia da suba do IVE e dos prezos dos carburantes e da enerxía eléctrica, ou cuantificando como exemplo o custe anual de mantemento de distintos servizos e medios mecánicos cos que conta o Concello. Di que é difícil conter o gasto e que pode haber partidas insuficientemente dotadas, o que requerirá un esforzo aforrador por parte de todos, pero que se incrementan partidas fundamentais, como as subvencións ó



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

movemento asociativo, que conta co maior número de entidades inscritas da historia, a pesar da drástica redución das subvencións da Deputación, e remata lembrando que non temos débedas e que somos un dos concellos da zona nos que o investimento por habitante é maior.

O Sr. López Loureiro di que o voto do seu grupo será contrario á aprobación deste presuposto.

O Sr. Márquez di que o proxecto vai na mesma liña do ano anterior, e salienta algunhas cuestións relativas ó mesmo, como o incremento do tipo do IBI, que xulga contrario ós intereses dos veciños, ou a nova Ordenanza Fiscal nº 20, de taxas por actuacións urbanísticas, que introduce un aumento esaxerado nas cantidades que se cobran ós solicitantes de licencias urbanísticas, ademáis do Imposto de Construcións. Manifesta tamén a súa oposición á venda das antigas escolas unitarias de Naraío e Bardaos cuxa rehabilitación ven prevista no presuposto, decindo que non aproba que se allee patrimonio do Concello, que é partidario de quese rehabiliten pero non de que se vendan. Fala tamén do aumento ó dobre dunha partida de gastos de locomoción, da baixa de 1.000 euros na cantidade coa que se preve subvencionar á ANPA do colexio local e da concentración dos investimentos do Concello no Pazo, outra vez neste proxecto para 2013, sendo ridícula en comparación a cantidade que se adica a investir no resto do Concello, rematando cunha recomendación de que se reflexione sobre esta última cuestión, xa que posiblemente hai que pensar en ralentizar algúns investimentos.

O Sr. Soto di que a suba do IBI foi cousa de Rajoy, e o Sr. Márquez resposta que en calquera caso o pagan os veciños. Segue a dicir o Sr. Soto que ademáis, a suba xa viña do 2012, que coa nova ordenanza fiscal nº 20, o que se fixo foi soamente normalizar unha situación irregular e que podía rozar a ilegalidade, porque segundo o informado polo Secretario, as taxas deben cubrir o custe dos servizos. Ademáis, hai unha partida de 5.000 euros para autopromotores de vivendas. O Sr. Márquez di que esa previsión era para os lugares nos que non se prestan algúns servizos polo Concello, e o Sr. Soto di que as subvencións non compensan, senon que promoven actividades, e respecto ó tema da venda das antigas escolas, di que aínda non se ten decidida a súa venda, polo que a previsión de ingreso que figura no presuposto é unicamente iso, unha previsión, e que en calquera caso, o uso deses inmobles vai ser sempre social; ademáis, quen comezou a vender patrimonio neste Concello foi o PSOE, coas masas comúns. Polo referido ó convenio previsto coa ANPA, a cantidade acordouse con eles, e ademáis xa perderon recentemente unha subvención da Deputación por non poder xustificala. Polo referido ós investimentos nas parroquias, di que se preven cantidades como as de anos anteriores, que de feito o incremento no anexo de investimentos é superior ó 20%, acadando os



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

923.000 euros, mentres que no Pazo apenas se investiron 800.000 euros en total, e está claro que esa cantidade non se pode gastar en cada parroquia. Ademáis, xa se consigna o que os veciños necesitan, e tamén a maior parte das actuacións solicitadas nas assembleas dos presupostos participativos.

Toma a palabra de seguido o Sr. Alcalde, para dicir que o orzamento é unha previsión de ingresos e gastos, e que aínda que preferiríamos todos outro presuposto, o certo é que é dos poucos que teñen un incremento notable. Di que, facendo caso da regra de gasto, o importe dos gastos debería reducirse nun millón de euros pero habería que pechar o Concello, sería un suicidio colectivo. Di que a regra de gasto, como todas as circulares relativas ó asunto dende hai tres ou catro anos son para reducir gastos e acabar coa educación, a sanidade e as pensións, sempre en beneficio dos mesmos, e que se podería reducir o importe do capítulo 1, por exemplo privatizando o servizo de axuda no fogar ou o de recollida de lixo. Critica tamén as fusións de concellos, que di servirán para entregar a xestión dos seus servizos ás grandes multinacionais, en lugar de seguir xestionando como se fai na comarca, por exemplo, con carácter público e con persoal ben tratado e considerado.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2013, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA MIL EUROS (2.840.000), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Impostos directos	631.500,00 €
Cap. 2- Impostos indirectos	50.000,00 €
Cap. 3- Taxas e outros ingresos	264.600,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	1.102.200,00 €
Cap 5- Ingresos patrimoniais	24.132,52 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Alleamento de investimentos reais	151.567,48 €
Cap. 7- Transferencias de capital	616.000,00 €
Cap. 9- Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	2.840.000,00 €
GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	





Cap. 1- Gastos de persoal	1.038.800,00 €
Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos	786.000,00 €
Cap. 3- Gastos financeiros	0,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	87.000,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Investimentos reais	923.200,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	5.000,00 €
Cap. 9- Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	2.840.000,00 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, e da información e documentación relativa ó mesmo comprendida na normativa aplicable, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### DÉCIMO. ACORDOS PARA ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS.

Dase conta da necesidade de incluír no Inventario Municipal de Bens un inmovible de propiedade municipal, a finca na que se atopa a área recreativa de Currás, na parroquia de San Sadurniño na que se ubican a piscina e un dos campos de fútbol de titularidade municipal, e tamén unha pista de acceso a esa área realizada en formigón. A finca de que se trata é produto da agrupación de varias máis pequenas e adquiridas de maneira sucesiva, polo que procede primeiramente a agrupación de todas elas nun só predio, antes da súa



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

incorporación ó Inventario. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Dase conta do levantamento planimétrico recentemente incorporado o expediente, no que se recollen detalladamente as superficies correspondentes á área recreativa e á pista de que se trata.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda incluír no Inventario Municipal de Bens do Concello a finca na que se ubica a área recreativa de Currás, previa agrupación das fincas que a integran, e a pista que conduce a esa área dende a estrada C-862, de Ferrol a Ortigueira, e que se realicen coa brevidade posible os trámites precisos para a plena efectividade do presente acordo.

#### UNDÉCIMO. APROBACIÓN DE BASES PARA CONVOCATORIAS DE AXUDAS E SUBVENCIONES.

Dase conta das seguintes bases para regular a concesión de subvencións de concorrencia competitiva con cargo ó presuposto para o presente ano 2013 propostas polo grupo de goberno:

- Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da Cultura no ano 2013.
- Bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas 2013.
- Bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos derivados de servizos de conciliación da vida laboral e familiar ano 2013, ás que se xunta un documento no que se establece unha relación de servizos que garantan e posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.

A aprobación destas bases foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente.

O Sr. Soto interven para indicar, en relación coas bases para promoción do deporte, que son practicamente idénticas ás do ano pasado, xa que nas xuntanzas mantidas coas asociacións deportivas, éstas manifestaron a súa conformidade coas que se utilizaron nos últimos exercicios.

O Sr. Varela fala de seguido para explicar que as bases deste ano soamente incorporan pequenas modificacións que afectan a algúns trámites, e que hai no rexistro municipal dúas entidades novas máis, aínda que tamén hai que lamentar a desaparición dunha asociación.

O Sr. Alcalde indica, en relación coas bases para axudas escolares, que este ano incorpórase a devandita relación de servizos que garantan e posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar, cumprindo así unha



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

demanda formulada en relación coas bases do anterior exercicio, así como unha rectificación encaminada a facilitar a obtención polo Concello de información tributaria relativa ós solicitantes, coa súa autorización.

O Sr. Márquez propón unha pequena modificación na referida relación de servizos, que permita limitar as axudas ós casos de asistencia reiterada a calquera servizo dos que garanten e posibilitan a conciliación da vida laboral e familiar, ó que se accede por parte da Alcaldía.

Introducida esa pequena modificación, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar as Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da Cultura no ano 2013, as Bases da convocatoria de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas 2013 e as Bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos derivados de servizos de conciliación da vida laboral e familiar ano 2013, así como o seu documento anexo no que se establece unha relación de servizos que garantan e posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar, e que se realicen os trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

#### DECIMOSEGUNDO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta polo estado de tramitación do Plan Xeral, lembrando que na última sesión ordinaria, o Sr. Alcalde dixo que estaría para decembro.

O Sr. Alcalde di que se produxo un pequeno retraso polo Nadal e debido a algúns detalles, pero que pensa que no mes de xaneiro seguramente estará.

O Sr. Soto pregunta de seguido ó Sr. Márquez pola procedencia do informe económico sobre concellos da Deputación Provincial ó que fixo referencia nesta sesión, indicando que se prantexará unha queixa diante do Valedor do Pobo, porque ó seu grupo non se lle facilitan estes informes relativos ós concellos nos que non goberna.

O Sr. Alcalde di que supón que o informe lle foi facilitado dende a Deputación, e que o primeiro que di ese informe nas súas conclusións é que a situación económica do Concello é boa, con remanente positivo, aínda que tamén fala de resultados negativos para o 2011, sobre todo debido á redución drástica de tódalas subvencións de Xunta e Deputación para gasto corrente. Di que recentemente foi liquidado un préstamo de 300.000 euros tramitado polo anterior grupo de goberno e que hai remanente e se xestionó ben durante os últimos cinco anos. O Sr. Soto di que se presentará unha pregunta na Deputación en relación coa procedencia do informe de que se trata.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,  
SECRETARIO,

○